Aquilegia dichroa Freyn, 1880

- herba dos pitos, bonetes, paxariños, enxertiña, fidalguiños
- aguileña, farolillos, pajarilla, clérigos boca abajo, manto real
-
- corniol
- columbine
- erva pombinha, fidalguinhos



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Ranunculales**	**Ranunculaceae**	***Aquilegia***

ORIXE

Península Ibérica, máis especificamente Portugal e noroeste de España.

CARACTERÍSTICAS

Herba perenne de 18 a 75 cm de altura. O talo é erecto, pubescente cara á parte superior e apegañento cara á base. As follas son verdes pola face e algo pilosas polo envés, e están divididas en folíolos en forma de cuña ou ovo, con pecíolos longos nas basais. As flores son colgantes, con pétalos azuis coas puntas brancas. Os sépalos son ovados e acuminados, tamén azuis. Os esporóns (nectarios) son curvados e enganchados no extremo, de cor azul intensa. O froito é un conxunto de folículos que nacen dos carpelos, son secos, dehiscentes e glandular-pubescentes. No seu interior contén pequenas sementes negras, lisas e brillantes.

HÁBITAT

Zonas montañosas sobre solos graníticos, preferindo lugares frescos e húmidos como marxes de bosques, sebes e prados de alta montaña, preto de regatos ou fontes con solos ricos e ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Portugal e noroeste de España. Atópase particularmente en Galicia.

CURIOSIDADES

Aínda que é tóxica (contén aquilegina que libera cianuro), na antigüidade usábanse as súas sementes para perfumes e repelentes de piollos, e atribuíanselle propiedades medicinais.